



# ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 26 DE AGOSTO DE 2016.

### ASISTENTES:

#### Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

#### Concelleiros:

María José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M<sup>a</sup> Hermo García (PSdG- PSOE)

M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M<sup>a</sup> Ánxela Franco Pouso (BNG)

Xoán Xosé León Martínez (BNG)

#### Secretario:

José Manuel González García. García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **12:10 horas** do día **29 de agosto de 2016**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúnese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

Non asiste o concelleiro D. Luis García Gaciño.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

### A) PARTE RESOLUTIVA.

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

2.- Análise do impacto do incendio forestal que tivo lugar no concello e adopción de medidas ao respecto.



## 1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Sr. **Alcalde- Presidente** indica que lle vai outorgar unha quenda de palabra aos voceiros para que poidan xustificar a urxencia da convocatoria.

D<sup>a</sup>. Josefa M<sup>a</sup> Hermo García di que resulta evidente a urxencia da convocatoria e que esta está mais ca xustificada, pois o concello foio pasto do lume e estivo en nivel 2 de alerta.

Conclúe sinalando que esta sesión é necesaria para traballar todos xuntos polo ben dos veciños.

D<sup>a</sup>. **M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada** e D<sup>a</sup>. **María Ánxela Franco Pouso**, nas súas quendas respectivas, subscriben as verbas da Sra. Hermo García.

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns sinala que desde o seu grupo non van apoiar a urxencia da convocatoria pois urxente foi: o actuar nas noites do 10 e 11 de agosto, o evitar que o lume danase persoas e bens, o evacuar á poboación e o habilitar espazos e medios para aloxar aos veciños evacuados. Afirmo que esas cuestións foron a urxencia para o Sr. Alcalde, para o goberno municipal, para o Presidente da Xunta de Galicia e para o Delegado Territorial da Consellería do Medio Rural.

A Sra. Maneiro Quintáns recoñece que nesa actuación se cometeron erros, pero evitáronse os danos a persoas e bens. No día seguinte, explica, xa se comezou a avaliar os danos e o 16 de agosto xa mantiveron reunións con representantes da Consellería do Medio Rural, comunidades de montes, apicultores, cazadores e gandeiros. Afirmo que se actuou coa máxima urxencia.

Continúa D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns sinalando que non queren entrar nun debate no que unha desgraza para os veciños se use como arma política, pois sería un debate estéril. Tamén indica que no ano 2006 houbo grandes lumes e non foron culpa do PSOE nin do BNG e agora tampouco o son do PP. Afirmo que os culpables son os desalmados que os provocan.

Remata a súa intervención dicindo que tende an man aos concelleiros da oposición para colaborar e traballar xuntos neste asunto.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde- Presidente somete a votación a ratificación da urxencia na convocatoria.

O Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por cinco (5) votos a favor (1 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG) e con sete (7) votos en contra (7 PP)**, polo tanto co **quórum de maioría absoluta**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **REXEITA a urxencia da convocatoria.**

Non ratificándose a urxencia da convocatoria, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **12:20 horas do día 26 de agosto de 2016**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE

Asdo. José Luis Oujo Pouso.



O SECRETARIO, que da fe.

Asdo. José Manuel González García.

